

ESTORIA DO BENDITO SAN AMARO

A obra e a vida de Alfonso Daniel Rodríguez **Castelao** (1886-1950) exceden calquera adxectivo magno e honrado que poidamos atribuírlles. As dimensións sociais, políticas, culturais e artísticas abordadas en todas as facetas do autor transcenden as análises illadas de cada unha das súas obras. Talvez se teña atendido máis, desde a esfera pública, á súa faceta de escritor pola facilidade do formato e a súa conexión inmediata coas evocacións costumistas que algúns dos seus textos, como *Cousas* (1926; 1929) ou *Os dous de sempre* (1934), crearon no imaxinario colectivo. Aínda así, concretamente en *Cousas*, obsérvase a imposibilidade de separar as facetas de escritor e debuxante, que aparecen indispensabelmente unidas, á vez que xera unha forma de creación artística *sui generis* que se repite de diversos xeitos noutras obras como *Un ollo de vidro*. *Memorias dun esquelete* (1922) ou *Os vellos non deben de namorarse*.

No entanto, o Castelao debuxante, indisciñábel do Castelao humorista, naceu moito antes de que puidesen albiscarse as facetas de escritor e, sobre todo, de político nacionalista, malia o seu compromiso xa temperán co pobo galego na época en que exerceu efemeramente a profesión de médico (ao redor de 1918).

Así, Castelao interésase pola pintura e a ilustración logo de licenciarse como médico, aínda que xa antes, en 1898, realiza a súa primeira obra gráfica: uns carteis patrióticos «a prol do Reino de España con imaxes de barcos e textos que expón nas paredes na tenda do pai» (en palabras de Miguel Anxo Seixas Seoane), no marco da guerra hispano-estadounidense. Máis adian-

te, cando xa está a acabar a carreira de Medicina, crea en Compostela o xornal efémero *El Barbero* e colabora na sección de noticias locais e, sobre todo, cunha caricatura diaria de persoas coñecidas. Estas dúas primeiras actividades artísticas son o preludio da súa extensa traxectoria.

Así, diseña cabeceiras, caricaturas e debuxos para a publicación quincenal *Galicia Moza* (1909) e a revista *Vida Gallega* (Vigo, 1909-1938), e ilustracións para *El Cuento Semanal...* nun período que abrangue entre 1909 e 1915, mentres explora tamén a súa faceta de pintor con retratos, cadros e diversas exposicións das súas obras. Desta época, a súa actividade artística máis salientábel encóntrase en *El Barbero Municipal. Semanario conservador* (Rianxo, 1910-1914), en que colaborou con portadas, caricaturas e diversos textos en galego, nos cales deixou aflo- rar a súa vea anticaciquil. Porén, cómpre clarexar que, segundo Miguel Fernández-Cid, «na segunda metade dos anos 10, a pintura cede terreo ás colaboracións gráficas, que se converten nunha firme expresión plástica e coas que acada un notorio recoñecemento público». Nese sentido, segundo Xosé Carlos Valle Pérez, as dúas etapas na evolución artística de Castelao estrutúranse á volta dos anos 1916 e 1917, isto é, antes e despois do seu ingreso nas Irmandades da Fala e «da súa conversión ó nacionalismo».

Concretamente, entre 1916 e 1918, Castelao elabora as corenta e nove estampas do álbum *Nós* (1931). Así, obsérvase que as actividades artísticas, culturais e mesmo políticas non cesan,

senón que se acrecentan co seu ingreso en 1916 nas devanditas Irmandades da Fala e na colaboración no voceiro destas, **A Nosa Terra** (1916-1932).

A partir deste momento, dáse a consagración plena e definitiva de Castelao como político, ideólogo, escritor e artista gráfico. Desta época salienta tamén o seu nomeamento no verán de 1916 como profesor de debuxo no Instituto General y Técnico de Pontevedra. Ademais, xa en 1920 se entrecruzan dous momentos de alta relevancia na súa traxectoria: a creación da revista *Nós* (Ourense, 1920) e a conferencia *Humorismo, dibuxo humorístico, caricatura* (dada en marzo de 1920), que se converte nunha síntese do seu ideario estético. No texto recollido da conferencia, no apartado do «dibuxo humorístico», reflexiona sobre a propia definición da caricatura, da súa relación co humor e os trazos que debe ter un «humorista dibuxante»: «coido que diante das mágoas da Terra asoballada, calquera humorista de boa cepa galega ten de converterse en satírico ou ironista. ¿Cómo, senón, podería manifestar un humorista as suas senreiras e as suas carraxes?». Nese marco, os personaxes escollidos por Castelao pertencen ao propio universo da Galicia xenuína e

ignorada do seu tempo: os labregos, os mendicantes, os cegos, os emigrantes... Para o caso, Luís Seoane recolle en *Castelao artista* (1969) as palabras ditadas polo autor para a reedición dun tomo de todos os seus álbums realizada por Rodolfo Prada: «os meus modelos atopeinos na Porta das Ánimas de Sant-lago, onde os paisanos, vestidos de calzón curto e pucha ribeteada, axuntábanse nas mañáns dos domingos ... A materia de estudo —nas Ánimas, no mercado de Santa Susana—, entrábame así, ao mesmo tempo, polos ollos e polos ouvidos».

Sen dúbida, toda a súa actividade ao redor das caricaturas, as viñetas e as ilustracións entroncan definitivamente con dúas publicacións que confirman os dotes profesionais do Castelao debuxante e humorista: por unha banda, *Estoria do bendito San Amaro que foi chamado no mundo o Cabaleiro de Arentéi* (1925), xunto aos textos de **Ramón Cabanillas**, que conforma así un conxunto de texto e debuxo con características que hoxe clasificaríamos como precedentes da banda deseñada; e, pola outra, talvez o cume dos seus dotes artísticos nesta época, *Cousas* (1926), sendo este un libro de relatos e debuxos que constitúe un propio xénero na súa obra.



As diferentes edicións da *Estoria do bendito san Amaro*

A historia de santo Amaro é un relato de oitenta e catro versos de Ramón Cabanillas e dez gravados de Castelao. Esta especie de romance de cego reflicte a vida do Cabaleiro de Arentéi, que chegou a santo milagreiro. Ricardo Carvalho Calero, no prólogo da *Obra*

Ilustrando o artigo, imaxes tiradas da edición da *Estoria do bendito san Amaro* en *Sonata Gallega* (1948). As páxinas reproducense ao completo a continuación deste artigo.
© Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia.

completa de Ramón Cabanillas (Buenos Aires, 1959), afirmou que «dentro de un tono popular, como de romances de cego, iste breve poema, escrito en versos cheos e firmes, ten o enlevo inxel e piadoso dun rezo entre labrego e monacal».

Segundo a nosa investigación, existen até o momento sete edicións diferentes deste relato: tres edicións do ano 1925 (en Vigo, A Coruña e Buenos Aires); unha edición do ano 1929 en Montevideo (Uruguai); unha edición de 1948 en Pontevedra; unha edición facsimilar de 1975 en Madrid; e, por último, unha edición bilingüe en éuscaro e en galego (Bilbao, 2001).

A **primeira edición** da *Estoria do bendito san Amaro...* da cal temos constancia foi publicada a toda páxina no número extraordinario da Pascua (1 de xaneiro de 1925) do xornal ***Galicia: diario de Vigo***, un xornal de grandes dimensións, e que neste número conta cunha magnífica primeira plana de Castelao e a súa propia tipografía, que evocan as imaxes do Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago.

Estes gravados poden ser xilográficos ou sobre linóleo, e é posíbel que se imprimisen conxuntamente co texto tipográfico. Seguramente, nesta primeira edición, imprimíronse coas pranchas de gravado ou co primeiro debuxo, mais nas seguintes edicións poden ser copias realizadas xa mediante técnicas de reprodución como a técnica do fotogravado ou outras similares (de acordo con Daniel Buján Núñez).

A **segunda edición** desta obra, tamén impresa en 1925, é en formato libro. Trátase dun folleto de 14 páxinas, cunha estampa gravada e o texto correspondente en cada páxina. Foi publicada pola editorial coruñesa Lar e impresa en Mondariz-Balneario. Na capa ou cuberta, co título abreviado e as mencións dos autores, podemos

contemplan a tipografía creada por Castelao, unha achega ao noso patrimonio gráfico. Ricardo Carvalho Calero afirma dela o seguinte no prólogo da *Obra completa* do autor: «estreitamente relacionado coa familia Peinador, Cabanillas vai pasar no Balneario de Mondariz [...] fecundas tempadas da súa vida creadora. En Mondariz, 1925, empréntase a súa lenda *O bendito San Amaro*».

A **terceira edición** da *Estoria do bendito san Amaro...*, impresa en 1925, forma parte das páxinas da revista bonaerense ***Céltiga*** (Buenos Aires, 1924-1932), unha revista que foi, en palabras de Ramón Villares, «unha aventura xornalística pero tamén cultural e política».


A revista *Céltiga* foi dirixida por Eduardo Blanco-Amor, Ramón Suárez Picallo e Eliseo Pulpeiro Villamil (quen, a partir de 1929, asumiu a dirección literaria, sendo ademais accionista da sociedade editora).

A **cuarta edición** da lenda de Ramón Cabanillas e Castelao foi editada no n.º 151, de agosto de 1929, de ***Galicia: revista del Centro Gallego*** (Montevideo, 1929-1931). Nesta edición existen varios cambios substanciais: o título da historia é máis breve (*O bendito san Amaro*), publícase soamente un gravado ampliado, o número X, e **non consta a mención do artista gráfico, Castelao**.

Porén, consultado o n.º 151 desta revista, comprobamos que na cuberta consta o nome de Alfonso R. Castelao, entre outros colaboradores dese número, e tamén se publica unha pequena selección de imaxes e texto da súa obra *Cousas* (1926). Por tanto, infírese que a razón destes cambios non é a vontade de censurar o nome do artista, senón outra que quizais descoñecemos. Iso si, dá a impresión de que é un problema de espazo: Cabanillas e Castelao só tiñan unha páxina, a páxina 44, para publicar esta historia de santo Amaro.

Aínda así, é certamente estraño, porque precisamente o número 151 é un exemplar especialmente extenso, aproximadamente dunhas 190 páxinas.

A quinta edición da *Estoria do bendito san Amaro...* foi publicada no ano 1948 na revista pontevedresa **Sonata Gallega** e impresa a dúas tintas, negro e vermello. Comprobamos que figura o título extenso da nosa «estoria», mais omite a mención ao artista gráfico, Castelao.



Con toda probabilidade, a razón desta omisión é a censura franquista que se aplicaba á obra de Castelao, o cal neste momento vivía no exilio en Buenos Aires (Arxentina), onde falecería dous anos despois, en xaneiro de 1950.

A **sexta edición** é unha edición facsimilar publicada na editorial Akal no ano 1975, na colección Arealonguiña, dirixida por Xesús Alonso Montero.

Esta obra é reprodución da edición da editorial Lar de 1925, impresa en Mondariz-Balneario. Incorpora tres textos introdutorios: o primeiro, a modo de presentación, «Dúas verbas», de Alonso Montero; o segundo, «Un xuício de onte», unha recensión de Vicente Risco escrita en 1926; e por último, «Un xuício de hoxe», un fragmento do prólogo da *Obra completa* (1959) de Ramón Cabanillas escrito por Ricardo Carvalho Calero.

A **sétima edición** da *Estoria do bendito san Amaro...* é unha edición bilingüe en galego e éuscaro, unha tradución realizada en 1977, mais inédita até o ano 2001.

A *Estoria do bendito san Amaro* está reproducida nun artigo escrito por

Xesús Alonso Montero (2001) titulado «Traducción inédita ó euskera, por Juan Anjel Etxebarria, de O bendito San Amaro de Ramón Cabanillas, cunhas notas preliminares», e publicado nunha obra colectiva pola Cátedra de Estudios Gallegos da Universidade de Deusto (Bilbao).

No citado artigo, Alonso Montero afirma que é moi probábel que o tradutor, Juan Anjel Etxebarria, «home de fondas inquedanzas relixiosas» utilizase para a tradución da «estoria» a edición de bibliófilo da editorial Lar (1925) ou o facsímile de Akal (1975).

Segundo afirma Alonso Montero, «no verán de 1977, nun acto literario na librería Castelao, de Vigo, Etxebarria, a quen acababa de coñecer, entregoume, mecanografada, a traducción vasca de *O bendito San Amaro*, que hoxe se publica por primeira vez».

Esta é unha versión reducida do artigo orixinal. O artigo completo, anotado e con referencias bibliográficas, pode consultarse na web do festival, vinetasdesdeatlantico.com

ESTORIA DO BENDITO SAN AMARO

ABOGOSO DO AMOR A TERRA
E A FALA DE GALICIA

O Bendito San Amaro



QUE FOI CHAMADO NO MUNDO
O CABALEIRO DE ARENTEI

CON LICENCIA

A devoción dos mártires da nosa Terra

Estampas : da : verdadeira : Imaxe : e : Vida : e : Mi-
ragros : do : glorioso : San : Amaro : na sua : ermi-
da : do : Coto : de : Salnés : que : o : Abade : Don :
Martíño : do Reial : Mosteiro : de : Nosa : Señora : da :
Armenteira : mandóu : facer : por : canteiros : na :
Era : de : MCC : Anos.

I

O MONTE



Lembrando días heroicos,
nos que de gloria treméu
vendo miragros de santos
e cabalgadas de reis,

o Castrove está deitado
na campia de Salnés,
diante do mar arousano
a soñar e frorecer.

O CRIME

II




N-un rexo pazo do monte,
en onde a ermida se ergueu,
vivía, o tempo, o fidalgo
Don Amaro do Arenteí,

que un Domingo de Pasión,
o peito cheo de fel,
a seu irmán dou a morte
por celos de unha muller.




O negro can do remorso
mordéndolle o corazón,
deixando casal e terras
foxéu o mal matador

e n-unha cova sombriza
trintatrés anos pasou,
entobado como un lobo,
pregando ó ceo perdón.




Todol-os anos, no adro
onde o morto se enterróu,
florece dúas rosiñas
o Domingo de Pasión:

unha branca, como neve
baixo as raiolas do sol;
outra roxa, como sangue
saído do corazón.



Enriba da branca rosa,
as azas de ouro a bater,
unha abella milagreira
chucha resolio de mel:

encol da rosa bermella
un verme negro nacéu
que fai, roendo, roendo,
as follas apodrecer.




O Domingo de Pasión
o tempo que amanescéu,
o Abade da Armenteira
campanas manda tanguer.

Trintatrés anos pasados,
trintatrés anos a ren,
a rosa outrora bermella
astora branca xurdeu.

VII

A PROCESIÓN



Nobres, monxes e labregos,
descalzos, en procesión,
cara o monte do Castrove
encamiñouse o Prior.

A cruz do mosteiro alzada,
na cova, tremente entróu,
envolto en fios de prata
de un divino resprandor.

O CORPO SANTO

VIII




O espírito de Don Amaro
voara a dar conta a Dios:
o corpo ficara ergueito,
as máns en adoración.

Trintatrés rosas bermellas
frorían ó sen redor,
unha abelliña doirada
enriba do corazón.

IX

SÍNALES DO CEO




Mariñeiros da Lanzada
que o trebón no mar colléu
chamaron por San Amaro,
do mar saíron con ben:

cequiños que nunca viran
na cova lograron ver:
tullidos que arrastro foron
tornaron pol-o seu pé.

TERRA E FALA

X



O bendito San Amaro
ten unha ermida en Salnés,
n-un castro soave, redondo
como un peito de muller.

O que a San Amaro vaia
nunca lle perderá a lei
nin á fala de seus pais
nin á terra onde nacéu.

Aquí da remate a estoria.
Que El Señor nos vala. Amén.

(Cabanillas, romanceáu).